

ADMINISTRACIÓN AUTONÓMICA

XUNTA DE GALICIA

Consellería de Economía, Emprego e Industria

Xefatura Territorial da Coruña

Servizo de Emprego e Economía Social

Resolución pola que se inscribe no rexistro e se da publicidade á prórroga da ultraactividade do convenio colectivo do sector de hostalería da provincia da Coruña

Visto o acordo relativo á prórroga da ultraactividade do convenio colectivo do sector de Hostalería da provincia da Coruña, (código de convenio 15000745011981), publicado no Boletín Oficial da provincia da Coruña o 30 de agosto de 2013, que foi suscrito pola comisión negociadora na xuntaza do 09.02.2017, de conformidade co disposto no artigo 90 do Real decreto legislativo 2/2015, de 23 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto dos Traballadores, no Real decreto 713/2010, do 28 de maio, sobre rexistro e depósito de convenios e acordos colectivos de traballo e na Orde de 29 de outubro de 2010 pola que se crea o Rexistro de Convenios e Acordos Colectivos de Traballo da Comunidade Autónoma de Galicia

ESTA XEFATURA DE TRABALLO E BENESTAR RESOLVE:

- 1.º.–Ordenar a súa inscrición no Rexistro de Convenios e Acordos Colectivos de Traballo da Comunidade Autónoma de Galicia.
- 2.º.–Dispoñer a súa publicación no Boletín Oficial da Provincia da Coruña.

A Coruña, 23 de febreiro de 2017

O Xefe Territorial

Isidoro Martínez Arca

Acta da Comisión Negociadora do Convenio Colectivo de Hostalería da Provincia da Coruña

En Santiago de Compostela, sendo as 16.30 horas do día 9 de febreiro de 2017, na sede do Consello Galego de Relacións Laborais, reúnese a Comisión Negociadora do Convenio colectivo de Hostalería da provincia da Coruña, coa presenza das persoas que se sinalan a continuación:

Parte empresarial:

Ramón García Seara (Asociación de Hostelería Compostela)

María José Mosteiro Martínez (Asociación de Hostelería Compostela)

José Manuel Castro Barreiro (Asociación Hostelería Coruña)

Marcos Castro Santa Cruz (Asociación Hostelería Coruña)

Emilio Vázquez Rey (Asociación de Hostelería Ferrol y Comarca)

Carlos Cruzado Maqueda (Unión Hostelera de Compostela / Hospeco – Asesor)

Parte Sindical:

Xavier Martínez Torea (CIG)

Jesús Mosquera Rivas (UGT)

Fernando Amaro Caamaño (UGT)

Elena Martínez López (UGT)

José Francisco Mirás Pérez (CC.OO)

Juan Zas Candame (CC.OO)

Logo das oportunas deliberacións e debate, acádanse o seguinte acordo:

Primeiro: Esta Comisión Negociadora acorda a prórroga da negociación que outorga vixencia ao Convenio Colectivo de Hostalería da provincia da Coruña ata o 31 de marzo de 2017.

Segundo: Esta Comisión Negociadora habilita ao funcionario do Consello Galego de Relacións Laborais, Don Ignacio Bouzada Gil, ao efecto da realización dos trámites de rexistro, depósito e publicación ante a Autoridade laboral do acordo recollido nesta Acta.

Non habendo máis asuntos que tratar asinan a presente Acta, no lugar e data enriba sinalados, todos os asistentes en proba de conformidade.

2017/1601